

Peregrinación da Arma de Cabalería a Santiago de Compostela no Ano Santo de 1948. Fotografía de Ksado



A partir do ano 1947, a evolución diplomática do "problema español" desbotou definitivamente a solución democrática republicana" (Ramón Piñeiro).

Na foto, o arcebispo de Santiago Eijo Garay e o dirixente falanxista ferrolán Jesús Suevos nun comedor escolar, ca. 1945



Informe da censura sobre *Da esencia da verdade* e denegación do permiso de edición.



"Fixenlle a Celestino a seguinte proposta: para botar abaixo a tese insidiosa de que o galego é unha lingua puramente poética non apta para as funcións nobres da creación cultural extrapoética (ciencia, filosofía, etc.) o mellor argumento sería traducir ao galego algún traballo dos de máis resonancia europea que aínda non estea traducido ao castelán. *A teoría da verdade* de M. Heidegger responde moi ben a este fin" (Ramón Piñeiro)

*Guerrilleiros*, óleo sobre lenzo de Luís Seoane, 1947. Colección Fundación Luís Seoane. Disolta a guerrilla polo Partido Comunista, os últimos guerrilleiros exílianse ou son abatidos nos montes de Galicia



Pouco despois da aparición dos *Cadernos Grial*, o director de *Pueblo*, Juan Aparicio, escribiu un agresivo artigo contra Piñeiro, *Grial* e *Galaxia*. Cando Aparicio é designado Director General de Prensa, suspendeu a publicación dos *Cadernos*

Cartas al director. QUIEN TIENE EL HIERRO...

Juan Aparicio [*Pueblo*, 21-VI-1951]

(...) En Galicia, algún pedantón traduce la filosofía alemana con ritmo de gaita. El escritor que escribe en la colección *Grial* de la Editorial Galaxia, de Vigo, o redacta versos en antañona lengua de Oco o en más arcaico vascuence, porque el castellano le parece tosco, infiel e inexpresivo, es un escritor que tiene faltas de ortografía en su pluma y en su alma, avergonzándose de que se le vean tales vergüenzas al desnudo.

(...) Querido y respetado Raimundo, habría que someterles a una cura psicoanalista o traerles a Madrid por las buenas o por las malas, para que tonifiquen su sistema moral y su sistema nervioso en el competidísimo torneo. Yo no olvido la consigna de Mussolini: *Quien tiene el hierro tiene el pan*. O viceversa.

Europa comeza a súa reconstrución coa axuda económica do Plan Marshall. A estabilización propiciada pola política de bloques excluía unha intervención aliada en España, que quedou na zona baixo influencia dos Estados Unidos. O fracaso da vía diplomática poñía en cuestión a solución republicana e consolidaba a Franco no poder. En 1953 España entra na UNESCO e o réxime flexibiliza a censura nalgunhas cuestións non directamente políticas.

Os galeguistas do "exterior", na liña do **Consello de Galiza**, insisten na saída republicana e reclaman plena capacidade para dirixir o galeguismo; os galeguistas do "interior", dirixidos por Piñeiro, empezan a pensar noutras solucións:

En chegando ao ano 50, xa se botaba de ver que os esforzos realizados dende a clandestinidade *non podían modificar o curso da situación* vixente, situación certamente avésia que reclamaba do galeguismo un desdoblamento de actividades: por unha banda, proseguir a súa presenza reivindicativa dentro da *oposición clandestina*; por outra banda, iniciar unha *presenza pública* para espertar a conciencia galega nas novas xeracións, desgaleguizadas pola presión ideolóxica estatal...

A carón da batalla sotarregra da oposición clandestina, era preciso empender a batalla pública da actividade cultural. (Ramón Piñeiro)

PUEBLO



En 1949, Piñeiro volve a Lugo, en réxime de liberdade vixiada. Alí retoma os contactos con **Otero Pedrayo**, **Fermín Penzol**, **Marino Dónega**, **Xaime Isla Couto**, **Francisco Fernández del Riego** e outros compañeiros que mantiveran a actividade clandestina durante os seus anos de prisión.

Aos poucos días asiste en Vigo a unha reunión clandestina do **Comité Executivo do Partido Galeguista**, onde constata a desmoralización en que se atopa o partido. Inicia o traballo de reconstrución do galeguismo.

Pasa a residir en Santiago de Compostela, na rúa Xelmírez, onde frecuenta a amizade de **Domingo García-Sabell**. Visita con frecuencia Lugo, onde se reúne con **Luís Pimentel** e **Ánxel Fole** nas tertulias da época. Atraxe ao galeguismo a **Celestino Fernández de la Vega** e a **Xoán Rof Carballo**.

Traballa como director literario da **Editorial Galaxia**. Estreita contactos coas forzas clandestinas, especialmente as vascas e catalás, e mantén relacións, a miúdo problemáticas, co **Consello de Galiza**, no exilio. As súas cartas e colaboracións xornalísticas comezan a chegar a todos os lugares de Galicia e da diáspora. Reflexiona e escribe sobre a **saúde**.



Con Celestino Fernández de la Vega, en Santiago de Compostela, 1956.  
De carácter repousado, sempre dispoñía de tempo para falar coas moitas persoas que o paraban na rúa

Retrato de Ramón Piñeiro por Carlos Maside, ca. 1955



En medio de fortes estreiteces económicas, Ramón Piñeiro percorre Galicia en autobuses de liña, á procura dos escasos galeguistas sobreviventes ao cárcere, ao fusilamento e á deserción



Pola súa mesa braseiro pasan moitos mozos, algúns dos cales desempeñarán un papel importante na política e na cultura galegas



No café Español de Santiago de Compostela, con Carlos Maside, Ánxel Fole, Varela Jácome e outros amigos, 1954.

As tertulias eran, daquela, dos poucos territorios amigos nun país mutilado pola desconfianza, a censura e a estulticia organizada



Nun paseo polas murallas de Lugo coa súa esposa, Isabel López, Elena Tormo, Celestino Fernández de la Vega e Silvio Santiago. As murallas de Lugo son tamén testemuño dos seus paseos con Xoán Rof Carballo e Luís Pimentel

